

Faro *da* Cultura



Paco Ibáñez actuando en París. Nas imaxes pequenas: Édith Piaf e vista exterior da sala Olympia no Boulevard des Capucines.

Hai cincuenta anos Paco Ibáñez actuou no Olympia. Aquele concerto foi gravado nun LP dobre, producido por Moshe Naïm para Polydor, que ben axiña acadou a consideración de lendario entre a mocidade española do tardofranquismo. O cantante de orixes valencianas e vascas viña engadirse á, daquela, curta lista de artistas españois que alí actuaran: Lola Flores, Los Tamara (1960), Raimon (1966), Los Bravos Raphael (1967). Unha nómina que seguiría nos anos seguintes con Lluís Llach, Maria del Mar Bonet (1973), José Menese (1974), Pablo Guerrero, Ovidi Montllor e Toti Soler, Quico Pi de la Serra (1975), Julio Iglesias (1977), Camarón de la Isla (1987) e outros máis deica hoxe. Esta sala de concertos parisiense foi revitalizada e

xestionada por Bruno Coquatrix a partir de 1954, despois de deixar a propiedade doutra sala de music-hall, a tamén mítica Bobino. O Olympia, fundado en 1888 por Josep Oller, catalán de orixe, foi estimado desde sempre pola súa calidade acústica, especialmente desde a restauración feita por impulso de Jacques Haik, empresario cinematográfico xudeu e antifascista.

En 1961 a sala atopábase nunha difícil situación financeira. Cumpria dar un golpe de efecto e este chegou, en arriscada operación de Coquatrix, con diversos concertos de Édith Piaf e unha peza estrela: “Non, je ne regrette rien”. Esta canción, composta en 1956 expresamente por Charles Dumont (música) e Michel Vaucaire (letra) para a artista parisiense, relanzou a súa carreira nun momento de especial crise persoal. O éxito salvou a viabilidade da sala e os anos finais de Piaf. A este éxito non foi alleo que dedicase a canción á Lexión Estranxeira, daquela en guerra en Alxeria e cunha parte dos seus mandos comprometidos nun golpe contra o goberno colonial importado por De Gaulle.

Os xestores do Olympia nunca amosaron reticencias de tipo ideolóxico. Boa proba diso é a presenza de cantantes peninsulares de aberta condición antifranquista durante os anos da ditadura. De igual maneira, pois, á consagración do bretón Alan Stivell, quen actuou en 1972 coa súa aposta de canción tradicional céltica adaptada ao rock.

No Olympia cabían todos: desde uns primeiros The Beatles e The Rolling Stones, King Crimson, Deep Purple, Bob Dylan, Jimi Hendrix, Chuck Berry ou Janis Joplin ata artistas convencionais consagrados –Frank Sinatra, Louis Armstrong, Liza Minnelli, Ray Charles ou Marlene Dietrich– ou os mellores da lendaria canción italiana dos 60: Mina, Patti Bravo... Tamén cabían artistas de orixes diversas como os Quilapayún, Silvio Rodríguez, Pablo Milanés ou Celia Cruz, Vinicius de Moraes, Amalia Rodrigues e Chavela Vargas. Ou a exipcia Umm Kalzum, o camerunés Manu Dibango e maia a sudafricana Miriam Makeba, que deron a coñecer por Europa adiante a realidade dunha música emerxente.

Toodo iso, obviamente, sen esquecermos o papel central para os artistas da *chanson*, auténtica industria musical nos anos 50 e 60: a xa citada Piaf, Charles Aznavour, Jacques Brel, Barbara, Gilbert Bécaud, Yves Montand, Charles Trenet...; e doutros artistas franceses: Johnny Holliday, Georges Brassens, Léo Ferré,

Georges Moustaki, Juliette Gréco ou Adamo.

A historia do Olympia, desde que Coquatrix colleu a súa xestión, pode ser a historia da mellor música dos últimos sesenta anos. Evidentemente, nos estiveron todos os que foron (Joan Manuel Serrat, por exemplo, non actuou ata 2016) pero si que foron e serán para sempre aqueles artistas que pasaron pola sala do número 28 do Boulevard des Capucines: un fogar que día tras día acolle

concertos que moitas veces foron recollidos discograficamente. Todo artista que actúe no Olympia sabe da importancia de tal acontecemento. O Olympia deu, en definitiva, a homologación de calidade.

Declarada monumento histórico, esta sala –situada no medio e medio de París– soubo ser xestionada con habelencia polos sucesores de Coquatrix despois da súa morte en 1979. A actual xerencia defende –como sempre foi– unha programación ecléctica a diario e oferta a participación pública no patrocinio do local.

Chanson de Olympia

Músicas para consagrarse en París

JOAQUIM VENTURA

ARTE: NO 99 ANIVERSARIO DA REVISTA NÓS / PÁX. III

ENTREVISTA CON MARINA MAYORAL, PREMIO “VOZ DA LIBERDADE” / PÁX. V

MÚSICA: ALFAIAS NA IMMERSIÓN DE GUADI GALEGO / PÁX. VIII